



100 días de goberno municipal

Mércores, 27 de setembro de 2023

Un goberno que funciona, con solvencia e valentía política

Desde o primeiro día, este goberno púxose en marcha para que ningún dos asuntos pendentes quedase parado. Atendéronse as necesidades urxentes pero, moito máis importante, iniciáronse procesos de planificación e transformación ambiciosos e con altura de miras.

Os nosos obxectivos son claros e públicos: mellorar a calidade de vida da veciñanza, con diálogo e eficacia, para conseguirmos unha Compostela viva, igualitaria, diversa e sustentable.

A seguir, citamos algunhas das medidas que se puxeron en marcha neste escaso tempo.

TURISMO

Código de boas prácticas para fomentar o turismo consciente

Deseñouse e implementouse a primeira fase da campaña “Fráxil”, co obxectivo de concienciar sobre o carácter patrimonial de Santiago de Compostela, a importancia de coidala e do respecto tanto dos espazos e edificios públicos como da propia vida cotiá e do descanso da veciñanza.

Taxa turística

Enmarcada no plan de turismo consciente, presentouse a proposta de Proxecto de lei do imposto sobre estadias turísticas en establecementos da Comunidade Autónoma de Galicia, para contribuír a sufragar os gastos de servizos públicos como limpeza, recollida de residuos, zonas verdes e recuperación do patrimonio, para conseguir unha nova orientación de turismo sustentábel que permita atraer máis visitantes de xeito desestacionalizado e máis tempo de pernoctacións, para xerar máis recursos económicos de xeito respectuoso coa veciñanza.

Ampliación da prórroga do Plan de Turismo Sostible

A Comisión de Seguimento acordou a prórroga, por tres anos, do Plan de Turismo Sostible para promover accións de promoción co obxectivo posto na dinamización do sector, mediante a desestacionalización e diversificación da oferta para atraer turismo de calidade.

MOBILIDADE

Novo contrato de transporte

Unha vez anulada a licitación iniciada polo anterior goberno, fundamentalmente por causa dos recursos presentados diante do Tribunal de Contratos de Galicia que mostraron varias deficiencias técnicas e pola aprobación do novo convenio colectivo do sector, iniciamos un novo procedemento de contratación do servizo de transporte público. Traballamos na introdución de melloras que atendan demandas do tecido veciñal e social como a creación dunha liña lanzadeira ao aeroporto, a ampliación de cobertura no rural ou o bus nocturno.

Renovación da frota de autobuses

Seguindo os criterios técnicos e pola evidente necesidade para o mantemento e mellora do actual servizo de transporte colectivo, substituímos 12 autobuses da frota por vehículos máis modernos e adaptados.

Convenio coa USC para o transporte no rural

Acordouse coa Universidade de Santiago a realización do 'Estudo de mellora do transporte e a mobilidade nos espazos rurais do Concello de Santiago de Compostela' para dar resposta ás necesidades da veciñanza das parroquias de Santiago.

Convocatoria de probas para ampliar o servizo de taxis

Para responder á necesidade de ampliación deste servizo, abrimos unha nova convocatoria de exames para a condución de taxis, que se celebrarán xa no 2 de outubro.

Reunión do Pacto local pola Mobilidade

Reactivamos o Pacto pola Mobilidade, que levaba catro anos sen convocarse, cunha primeira xuntanza de todas as entidades implicadas. Nesta sesión de traballo, demos conta das novidades do novo deseño das rutas do transporte público, das melloras en canto a horarios e frecuencias e das solucións que contemplamos para o rural.

DIÁLOGO E PARTICIPACIÓN

Recuperación do diálogo coas asociacións e coa veciñanza.

O goberno mantivo centos de reunións con asociacións e grupos diversos para informar sobre as súas actuacións e recoller todo tipo de demandas e suxestións.

Reactivación dos consellos de participación Cidadá.

Para facer partícipes a veciñanza e os colectivos sociais das decisións e asesoramento das políticas municipais realizáronse xestións para a convocatoria dos Consellos de Participación Cidadá. Os consellos municipais de participación son instrumentos de carácter consultivo e de asesoramento ás políticas públicas e teñen a utilidade de fomentar a implicación veciñal e veciñas en asuntos de interese público.

ORGULLO DE CIDADE E MEMORIA HISTÓRICA

Acto Alba de Compostela

Convocouse por primeira vez un acto propio da cidade no 25 de xullo, que concitou unha alta participación e numerosas mostras agradecemento.

Acto institucional en lembranza de Ánxel Casal e das vítimas da represión da ditadura

Organización do primeiro acto institucional no Pazo de Raxoi en memoria do ex-alcalde Ánxel Casal para honrar a dignidade colectiva das persoas que loitaron a prol da liberdade e da democracia e que foron represaliadas e asasinadas pola ditadura franquista.

CONVIVENCIA

Campaña “Fala baixiño”

Deseñouse unha actualización da campaña Fala baixiño, que se presentará nos próximos días, logo do acordo coas entidades asociativas da hostalaría para contar coa colaboración no obxectivo de reducir o ruído na cidade.

CULTURA E PATRIMONIO

Patrimonio C- Noite do patrimonio

Por vez primeira, organizouse o programa Patrimonio C - Noite do patrimonio, que coincidiu co 30 aniversario das Cidades Patrimonio, con eventos divulgativos para dar a coñecer e resignificar espazos, traballos e actividades artísticas e artesanais da identidade compostelá.

DEREITOS SOCIAIS

Centro 24horas para persoas sen fogar

Recuperouse a filosofía orixinal do Centro Integral de Atención ás Persoas sen Fogar, contemplando a dotación de recursos habitacionais que foran suprimidos no anterior mandato para transformar o proxecto nun edificio de despachos. As obras de rehabilitación do inmobile de Belvís están en marcha desde comezos de setembro, ao tempo que se tramita a modificación do proxecto para que o centro funcione baixo a metodoloxía do *housing first*.

Servizo de Axuda no Fogar

Retomouse o diálogo coas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar, creando unha comisión de seguimento para manter a interlocución directa e periódica co persoal.

IGUALDADE

Protocolo para a abordaxe das violencias sexuais e LGTBIfóbicas en espazos de ocio nocturno

Posta en marcha do protocolo para cambiar as condutas de violencia que se producen, especialmente no lecer nocturno, para conseguir que Santiago de Compostela sexa unha cidade libre de violencias. Nesta iniciativa colaboran asociacións de hostalaría, forzas e corpos de seguranza, representación das mulleres e do colectivo LGTBI; representantes de colexios profesionais, do ámbito xudicial, da oficina da Valedora do Pobo e dos grupos municipais.

GOBERNANZA

Organización

Iniciouse un proceso de reestruturación organizativa para aplicar a transversalidade de medidas en todas as áreas de goberno, para que o Concello poida dar unha resposta máis áxil aos procedementos.

Iniciouse a elaboración da nova web municipal incorporando criterios de información e comunicación.

Encargouse unha análise sobre as plataformas de xestión de cara a mellorar a súa usabilidade para o persoal e a cidadanía.

Diálogo con persoal de servizos municipais e das empresas concesionarias

Mantivéronse reunións co persoal dalgunhas concesionarias para coñecer de primeira man as súas reivindicacións e mellorar a prestación dos servizos.

RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Actualización do estudo de custos do Estatuto de Capitalidade

De cara a solicitar o aumento da contribución que lle corresponde a Santiago polo Estatuto de capitalidade, realizouse unha actualización do estudo de custos.

Protocolo xeral coa USC

Acordouse realizar un acordo global que permita tratar conxuntamente todos os asuntos relacionados cos campus, a mobilidade, a vida do estudantado en Compostela e a colaboración na dinamización da cidade.

EDUCACIÓN

Inicio do curso escolar coas ANPA

Para coordinar o inicio do curso escolar, mantívose un encontro coa FANPA para a posta a punto dos centros, cunha análise das obras, transporte, matrículas e comedores, ademais de acompañar na tradicional visita a centros de ensino.

Xornada de benvida ao estudiantado da USC

Colaborouse na organización dun acto de acollida ao estudiantado, proposto pola propia USC.

DEPORTES

Protocolo coa USC para o uso do campo de fútbol

Chegouse a un acordo para desbloquear a ampliación do uso do campo de rugby da USC.

Iniciamos as negociacións para cubrir coas instalacións universitarias parte da demanda que supera as piscinas de Santa Isabel e Sar para actividades de waterpolo, natación e triatlón, e tamén doutras disciplinas deportivas.

Acordo con entidades para a cesión de instalacións

Chegamos a acordos con entidades privadas como o Colexio Manuel Peleteiro para o uso das súas instalacións por parte do deporte federado e mantéñense conversas con outras administracións para resolver outras carencias de espazo para a práctica deportiva.

Diálogo cos clubs

Mantivéronse reunións con 68 entidades deportivas de todo tipo, desde clubs ata empresas organizadoras de eventos, nun proceso de diálogo que comezou con esta nova etapa.

Proxectos realizados e en marcha

Fomos escollidos para sermos a sede dos Xogos do Eixo Atlántico 2026.

Renovouse a pista do pavillón do CEIP Pío XII coa instalación de chan radiante e está en marcha a instalación de luminarias led.

Realizáronse xestións para que nas vindeiras semanas comece o cambio do lucernario do pavillón do CEIP de Roxos para evitar as goteiras.

Leváronse a cabo obras de mellora das pistas exteriores de Pontepedriña e Lamascal.

Desbloqueouse o problema existente no campo de fútbol das Cancelas.

OBRAS

Novo programa de asfaltados para o segundo semestre do ano.

Atendéronse de urxencia as reclamacións de mellora e repavimentación de beirarrúas, con máis de 50 intervencións realizadas pola brigada de obras.

Axiláronse os expedientes de obras ligadas a remanentes, EDUSI e Next Generation.

Planificouse unha trama de carrís-bici para a contorna urbana.

Inicio da obra de reurbanización da rúa da Pastoriza.

Contratación da obra da Praza de Abastos.

SERVIZOS BÁSICOS E CONSERVACIÓN DO MEDIO

Espazos naturais

Comezo da tramitación de cinco proxectos de renaturalización e resiliencia con financiamento Next Generation, a través da Fundación Biodiversidade: Monte Viso, Cornes, Pontepedriña, estanque do Auditorio de Galicia e Parque Botánico da USC.

Iluminación pública

Inicio do cambio de iluminación exterior por led sustentables ligado a eficiencia enerxética e con criterios slowlight

Recollida de residuos

Diálogo coas entidades empresariais para iniciar a segunda fase da campaña informativa en todos os locais de hostalaría e comercio da Cidade Históricas a respecto da separación e retirada dos residuos.

Planificación de seis novas illas de compostexa comunitaria.

Segunda fase vía verde con achega 80/20

Continuidade do proxecto da Vía Verde, cun novo acordo que aumentará a porcentaxe de participación da Deputación no seu financiamento ata alcanzar o 80 %.

Plan de eliminación de especies invasoras

Elaboración dun mapa de localización das especies de flora exótica invasora onde se marcarán as eliminadas, co obxectivo de evitar que sigan a estenderse e produzan danos en zonas de cultivo. Cortouse a herba da Pampa na zona da Lagoa de Cornes, nas Brañas de Sar, entre a Fonte dos Capitáns e as hortas da Pontepedriña para iniciar a súa eliminación.

Mantemento de zonas naturais

Control da biomasa na contorna do Sarela á altura do Carme de Abaixo.

Mantemento do patrimonio

Contratouse a limpeza e conservación de 21 lavadoiros urbanos.

Realizouse un estudo sobre o estado dos lavadoiros do rural para planificar o seu acondicionamento.

ECONOMÍA E FACENDA

Xestión orzamentaria

Modificáronse as bases de execución do orzamento para acomodar a limitación temporal dos contratos menores (un ano) á necesidade da súa execución e non ao ano natural, de xeito que se resolvan de maneira máis acaída algúns dos problemas da tramitación do gasto.

MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Administración electrónica

Novas implantacións de solucións dixitais para o funcionamento da administración.

URBANISMO

Catalogación das antigas escolas de ciencias da educación e enfermaría

Inicio do procedemento para preservar o uso dotacional e protexer o valor arquitectónico dos edificios das antigas Escolas de Maxisterio (Ciencias da Educación e Enfermaría) situadas na avenida de Xoán XXIII.